XVII Carreira de Fin de Ano Mugardos-Ares: 18 de decembro de 2022:

Regulamento da Proba:

- HORARIO: Saída ás 11 da mañá do pavillón polideportivo municipal de Mugardos.
- LUGAR: Acreditacións e meta no Pavillón polideportivo de Mugardos.
- DISTANCIA A PERCORRER: 10 km.(non homologados)
- IDADE: Ter cumpridos 16 anos na data da proba.
- CLASIFICACIÓN: A clasificación e a cronometraxe será electrónica e apoiada polo Comité Galego de Xuíces. Farase unha clasificación xeral única.
- INSCRICIÓNS : Ate as 23:59 do 13 de decembro na pasarela http://www.carreirasgalegas.com realizando un pago de 4 € . Número máximo de prazas 500. Retirada de dorsais o xoves 15 e o venres 16 de 8:00 a 13:30 e 16:00 a 22:00h. e o sábado 17 de decembro de 9:00 a 13:00h., no Complexo Acuático do Castro. Asimesmo, o propio día da proba no pavillón polideportivo de Mugardos de 9:00 a 10:30h. A retirada do dorsal será a confirmación da asistencia á proba. A entrega de dorsais aos atletas federados farase a un representante do seu club de forma conxunta.

PERCORRIDO: Mugardos-Ares-Mugardos..

Ás 10’50 horas concentración previa á saída da proba na rúa do Cristo en Mugardos, dende a saída faise o percorrido que segue: Rúa O Cristo, pasando por diante do Instituto, ata As Mareas, xirando á dereita, cara o Peteiro, entrando polo casco urbano, Avenida de Galicia, pasando por diante da casa do concello mugardés, xirando á dereita e subindo pola Rúa dos Corzás, logo continuando cara Ares pola rúa Yáñez Badía , pola AC-130, ata Alto de Simou, descendendo a ata a rotonda de entrada a Ares, dende ahí xirando á esquerda pola rúa do Mazote (Avda. Federico García Expósito), logo xirando á dereita cara transcorrendo paralelos ao parque Rosalía e continuando cara ao Paseo Marítimo aresán (Avda. Saavedra Meneses), ata a confluencia ca Avenida de Mugardos onde xiraremos á dereita para continuar por ela ata sair de Ares pola rotaonda de entrada e accedendo de novo a AC-130 permanecendo en ela ata Os Catro Camiños, onde xiraremos á esquerada para entrar na rúa do Cristo ata meta, situada enfronte ao pavillón deportivo municipal.

Tempo máximo de control da chegada 75’ logo da saída. Avituallamento sólido

e líquido para todas as persoas participantes ao chegar á meta. Por cuestións alleas á organización como obras públicas ou privadas poderá haber pequenas variacións no circuíto descrito. Durante toda a carreira o tráfico estará restrinxido e todos os cruces controlados por policía e protección civil debendo os participantes atender as súas indicacións.

O tempo estimado da proba é de entre 31 min e 75 min.

Ao remate da carreira farase unha clasificación xeral por tempos nunha categoría única. Todas as persoas participantes que rematen a proba participaran no sorteo de 10 cestas do Nadal.

As dúbidas e interpretación das normas serán resoltas segundo a normativa en vigor da FGA para probas de estas características.

A cobertura do seguro de accidentes deportivos non cubre patoloxías nin lesións anteriores ou alleas á proba sendo responsabilidade de cada participante a cobertura das mesmas así como o de estar nas condicións físicas axeitadas para realizar a proba.

- Organizan: Concellos de Mugardos e Ares e a Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Resposabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.